

Plan de Formación 2009

O **Plan de formación e mellora de competitividade para os sectores industrial, da construción, e do comercio e a hostalería para o ano 2009** conta con 26 accións formativas gratuítas, 13 presenciais e 13 por teleformación. Suman en total 929 horas lectivas, e ofertan un total de 425 prazas para persoas empadroadas e/ou que traballen no Concello de Santiago. Cun orzamento de 122.253 euros, este plan formativo está destinado ás persoas desempregadas e empregadas do ámbito da construción, ás/aos profesionais do comercio e a hostalería, ás/aos traballadoras/es do sector industrial e ás persoas promotoras de empresas recentes.

A Concellaría de Promoción Económica deseñou o **Plan Formativo 2009** tendo en conta a difícil conxuntura económica actual, co obxectivo de que as persoas beneficiarias aumenten a súa capacitación profesional mediante a mellora das súas habilidades ou a adquisición de novos coñecementos que amplíen as súas expectativas de inserción laboral, mellorando así a calidade dos recursos humanos dos que dispoñen as empresas da cidade e, polo tanto, a competitividade das mesmas.

O **Plan de Formación** divídese en tres partes. Unha destinada ao **sector da construción**, na que se inclúen 12 cursos co obxecto de mellorar a cualificación das persoas desempregadas ou que traballan nesta actividade. Outra dirixida ao **sector industrial** e a persoas que recentemente puxeran en marcha unha iniciativa empresarial. A partir do segundo semestre do ano está previsto desenvolver 13 accións formativas por teleformación. E unha terceira dirixida a persoas propietarias ou empregadas do **sector comercial e hostaleiro**, na que está incluído o **Curso de inglés para a atención de persoas estranxeiras**, de 240 horas lectivas. O prazo de inscrición está aberto. As persoas interesadas poden apuntarse no apartado **Plan de Formación 2009** da páxina web da Concellaría de Promoción Económica, www.maiscompostela.org, ou ben entregar a solicitude de inscrición debidamente cuberta (que poden descargar desta mesma web), en calquera dos rexistros cos que conta o Concello de Santiago. Cada persoa que acceda ao curso, que conta con 50 prazas, recibirá formación personalizada e adaptada ao seu propio negocio, na que se inclúe vocabulario específico.

Formación Ocupacional

Os cursos de Formación Ocupacional contan cun orzamento de 406.966,59 euros, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e a Consellería de Traballo. Enmárcanse no **Pacto Local polo Emprego de Santiago de Compostela**, que a Concellaría dirixida polo nacionalista Xosé Manuel Iglesias asinou o 1 de abril con representantes doutras sete entidades vinculadas ao mercado laboral. O PLE é o marco operativo das políticas de emprego e promoción económica desenvolvidas pola Concello de Santiago ata o ano 2011, é ten como finalidade reducir as taxas de desemprego a través da creación de emprego de calidade en coordinación cos axentes económicos e sociais vinculados ao desenvolvemento do mercado laboral en Compostela. Para acadar este obxectivo, aposta por desenvolver programas de formación e inserción sociolaboral utilizando un sistema de orientación profesional personalizado, como ocorre nos cursos de **Formación Ocupacional**; por incrementar o volume de servizos persoais a nenos/as, maiores, persoas discapacitadas, coidadores/as, mellorando así a cualificación dos profesionais do sector dos servizos persoais; por favorecer a creación e desenvolvemento de novas empresas na cidade; e por acadar a concertación entre actores locais e destinatarios finais.

Os cinco cursos que se impartirán de **Formación Ocupacional**, contan, en conxunto, con 3.245 horas lectivas. Cada un deles oferta 15 prazas. O alumnado recibirá a formación teórica no Centro de Formación Ocupacional de Sanxúas de Aríns, e as practicas, igual que en anos anteriores, realizaranas en empresas e entidades fidelizadas pola Concellaría de Promoción Económica.

Electricista de edificios consta de 900 horas lectivas, e capacitará ao alumnado para montar, instalar, realizar o mantemento e reparar liñas eléctricas de baixa tensión, cadros e automatismos eléctricos,

OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.

Multiusos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.
Correo electrónico: promocioneconomica@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.maiscompostela.org

aparatos e máquinas eléctricas estáticas e dinámicas e instalacións singulares de edificios. **Instalador de sistemas de enerxía solar térmica**, de 360 horas lectivas, preparará ao alumnado para realizar instalacións de sistemas de enerxía solar térmica e para levar a cabo o seu mantemento dacordo coa normativa técnica vixente.

En **Fontanería**, de 790 horas de duración, o alumnado aprenderá realizar instalacións de auga interiores e a montar aparatos sanitarios. O curso de **Ferrallista**, de 410 horas lectivas, capacitara ás/aos participantes para construír as armaduras necesarias para realizar elementos construtivos de formigón armado en condicións óptimas de rendemento e seguridade. **Instalador de gas** contará con 785 horas nas que o alumnado aprenderá a calcular, deseñar e construír instalacións receptoras de gas en vivendas, en zonas comúns de edificios, en instalacións industriais. Tamén se lle facilitarán os coñecementos necesarios para a inspección e adaptación de instalacións, empregando distintos materiais e con distintas familias de gases.